

CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO

Av.dos Bosques, 16, baixo

Telf.: 981 647 294

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: educacion@arteixo.org

PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. CURSO 2018-2019

Normativa aplicable:

- Decreto 254/2012 de 13 de decembro (DOG 26/12/2012) (Anexo I)
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013) (Anexo II). Corrección de erros (DOG 24/04/2013) (Anexo III)
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017) (Anexo IV)

CALENDARIO

DO 1 AO 20 DE MARZO: PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Presentarase no modelo normalizado (ED550B) (Anexo V) que se facilitará en cada centro docente e poderán relacionarse ata 6 centros, por orde de preferencia.

Presentarase unha única solicitude na secretaría do centro que se solicita en primeiro lugar e, ademais, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado ou a través da aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) co formulario normalizado (ED550B) que está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web da Consellería de Educación (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>). Esta aplicación permitirá presentar as solicitudes e a documentación e tramitar o procedemento de forma electrónica.

Nos centros educativos tamén se facilitará unha copia do formulario normalizado (ED550B) a todas aquelas persoas que o soliciten.

Presentación da documentación acreditativa dos méritos alegados (só nos centros nos que exista máis demanda ca oferta de prazas): do 22 de marzo ao 6 de abril

Antes do 25 de abril: Publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido e non admitido.

Reclamacións: no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación

Antes do 15 de maio: publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido.

Do 20 de xuño ao 2 de xullo: Formalización da matrícula no centro.

Todas as solicitudes que non obtiveran praza nos centros solicitados serán remitidas á Comisión de Escolarización que lles asignará praza nos centros onde queden vacantes. Sempre que sexa posible, terase en conta a preferencia manifestada pola familia e a puntuación obtida pola puntuación do baremo.

As solicitudes presentadas fóra de prazo de admisión serán remitidas á Xefatura Territorial que adoptará as medidas necesarias para asegurar a escolarización do alumnado nalgún centro no que queden prazas vacantes.

CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO

Av.dos Bosques, 16, baixo

Tel.: 981 647 294

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: educacion@arteixo.org

INSTRUCCIÓN

A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais.

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos/as proxenitores/as, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo. No suposto de alumnado afectado por violencia de xénero non será esixible o previsto no parágrafo anterior.

DOCUMENTACIÓN

- Impreso para presentar a solicitude de admisión
- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta
- Documento acreditativo do requisito de idade do/a alumno/a (libro de familia ou DNI)
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso

CRITERIOS XERAIS DE PRIORIDADE PARA A ADMISIÓN DE ALUMNADO. TÁBOA DE VALORACIÓNS

As persoas interesadas na valoración da renda da unidade familiar deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das caseñas da base imponible xeral e da base imponible de aforro da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do ano 2016.

Para a aplicación da puntuación deste criterio utilizarase o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) correspondente ao ano 2016, que está cifrado en 6.390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Existencia de irmáns no centro	
Por un/unha irmán/á matriculado/a no centro	8 puntos
Polo segundo/a irmán/á e seguintes matriculados/as no centro	2 puntos por cada un/unha
Por ser o pai, nai ou titor legal traballador do propio centro (non acumulables entre si)	3 puntos
Por proximidade do domicilio familiar ao centro	
Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro	6 puntos
Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes da área de influencia do centro	3 puntos
Se o domicilio familiar se encontra noutras áreas	0 puntos
Pola proximidade do lugar de traballo ao centro (non acumulable coa proximidade do domicilio familiar)	
Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal, situado dentro da área de influencia do centro	4 puntos
Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	2 punto

CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO

Av.dos Bosques, 16, baixo

Tel.: 981 647 294

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: educacion@arteixo.org



Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal, situado noutras áreas	0 puntos	
Pola renda anual da unidade familiar		
Ingresos inferiores a 0,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)	3 puntos	
Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos	
Ingresos iguais ou superiores a 0,75 veces e inferior ao IPREM	1 punto	
Ingresos iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos	
Por pertencer a unha familia numerosa		
Familia numerosa de categoría especial	3 puntos	
Familia numerosa de categoría xeral	2 puntos	
Por pertencer a unha familia monoparental		2 puntos
Por discapacidade (igual ou superior ao 33%)		
Do alumno ou alumna	4 puntos	
Da nai, pai ou titor/a legal	3 puntos	
Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno ou alumna	1 punto por cada un/unha	
Criterio complementario aprobado polo centro	1 punto	

CRITERIOS DE DESEMPATE

Os casos de desempate resolveranse pola seguinte orde:

1. Maior puntuación no apartado de ter irmáns/ás matriculados/as no centro.
2. Maior puntuación no apartado de ter o pai, a nai ou titores traballando no centro.
3. Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
4. Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.
5. Posuir a condición de familia numerosa.
6. Posuir a condición de familia monoparental
7. Maior puntuación no apartado de discapacidade.
8. Criterio establecido polo centro educativo
9. Se aínda así se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público

CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE ARTEIXO

Escolas de Educación Infantil

- EEI Barrionovo. Praza da escola, 1. 15140. Pastoriza. Tlf 696846412
- EEI Vilarrodís. Rúa Carlos Maside, 16. 15141. Vilarrodís. Tlf 616466312
- EEI Larín. Lg Casanova, 3. 15144. Larín. Tlf 981606212
- EEI Lagoa. Lg da Lagoa, 16. 15144. Sorrizo. Tlf 981646930

CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

ÁREA DE BENESTAR COMUNITARIO

Av.dos Bosques, 16, baixo

Telf.: 981 647 294

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: educacion@arteixo.org

-
- EEI Rorís. Lg Rorís, 12. 15144. Armentón. Tlf 981640238

Centros de Educación Infantil e Primaria

- CEIP Arteixo. Avda. Arsenio Iglesias, 33 B. 15142. Arteixo. Tlf 981641284
- CEIP Ponte dos Brozos. Avda. Arsenio Iglesias, parcela 34. 15142. Arteixo. Tlf 981600249
- CEIP Galán. Rúa Miguel de Cervantes, 21. 15141. Oseiro. Tlf 881880903
- CEIP San Xosé Obreiro. Travesía de Meirás, s/n. 15008. Meicende. Tlf 881880214